

Acordo de Consello de Goberno, do 26 de xullo de 2026, polo que se aproba a normativa reguladora das persoas deportistas de alto nivel da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
TÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Ámbito de aplicación	2
Artigo 3. Definición de persoa deportista de alto nivel da UDC	2
CAPÍTULO II. Condición DANUDC	2
Artigo 4. Requisitos e categorías	2
Artigo 5. Eficacia	3
TÍTULO III. Procedemento para o recoñecemento da condición DANUDC	4
Artigo 6. Convocatoria	4
Artigo 7. Solicitudes	4
Artigo 8. Comisión de Valoración DANUDC	4
Artigo 9. Resolución.....	4
CAPÍTULO IV. Dereitos e medidas de apoio.....	4
Artigo 10. Dereitos	4
Artigo 11. Medidas de apoio	5
CAPÍTULO V. Deberes e perda da condición DANUDC	5
Artigo 12. Deberes	5
Artigo 13. Perda da condición DANUDC.....	6
Disposición transitoria. Réxime aplicable ás persoas xa recoñecidas coa condición DANUDC	6
Disposición derogatoria. Derogación normativa.....	6
Disposición final primeira. Habilitación	6
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	6

PREÁMBULO

A práctica da actividade física e do deporte contribúe ao desenvolvemento integral da persoa e constitúe un elemento relevante da vida universitaria. Ademais de contribuír á saúde, favorece os hábitos saudables, as relacións sociais e a participación na vida universitaria.

A Universidade da Coruña promove a actividade física e deportiva como parte da formación integral do estudantado e do benestar da comunidade universitaria. Para iso, adopta medidas que faciliten a compatibilidade entre a práctica deportiva e as obrigas académicas e profesionais.

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario; a Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte; o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento; o Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudantado universitario; a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, constitúen o marco xurídico de referencia desta normativa.

Ao abeiro destas disposicións e dos Estatutos da Universidade da Coruña, apróbase esta normativa para regular a condición de persoa deportista de alto nivel da Universidade da Coruña, os seus dereitos e deberes e as medidas de apoio destinadas a facilitar a compatibilidade entre a práctica deportiva e a actividade académica.

TÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Esta normativa ten por obxecto regular a condición de persoa deportista de alto nivel da Universidade da Coruña (condición DANUDC), establecer as súas categorías, determinar os dereitos e deberes das persoas ás que se lles recoñeza esta condición e regular as medidas de promoción e apoio ao deporte universitario da Universidade da Coruña (UDC).

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Poderá obter o recoñecemento da condición DANUDC o estudantado matriculado nunha titulación oficial da UDC, así como as demais persoas integrantes da comunidade universitaria que representen a UDC ou a España en competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, estatal ou internacional, en modalidades individuais ou colectivas.
2. Será requisito imprescindible manter un vínculo académico ou profesional coa UDC durante o período de eficacia da condición.

Artigo 3. Definición de persoa deportista de alto nivel da UDC

Terá a consideración de persoa deportista de alto nivel da UDC aquela persoa que, cumprindo os requisitos establecidos nesta normativa, desenvolva actividade deportiva de alto rendemento compatible coa súa actividade académica ou profesional.

CAPÍTULO II. Condición DANUDC

Artigo 4. Requisitos e categorías

1. Poderá obter a condición DANUDC quen cumpra, durante o curso académico en que presente a solicitude ou no inmediatamente anterior, algún dos requisitos establecidos

neste artigo.

2. Para obter a condición DANUDC de categoría I, deberase cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Ter recoñecida a condición de deportista de alto nivel conforme ao Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.
- b) Formar parte da selección nacional dalgunha das diferentes federacións deportivas estatais.
- c) Formar parte do Programa da asociación de deportes olímpicos (ADO) ou do Programa de apoio ao deporte obxectivo paralímpico (ADOP).
- d) Ter recoñecida a condición de deportista de alto nivel pola Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co Decreto 165/2020, do 17 de setembro, e figurar como tal na correspondente publicación do Diario Oficial de Galicia.

3. Para obter a condición DANUDC de categoría II, deberase cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Obter unha medalla formando parte da selección universitaria da UDC nos Campionatos de España Universitarios.
- b) Clasificarse entre as oito primeiras posicións nas competicións europeas oficiais de deporte universitario durante o curso académico inmediatamente anterior.
- c) Resultar seleccionada polo Consello Superior de Deportes para participar nos Campionatos do Mundo Universitarios (WUC) ou na Universiada, na edición correspondente ao curso académico inmediatamente anterior ao da solicitude.

Nos deportes colectivos, a condición estenderase a todas as persoas integrantes do equipo.

4. Poderán obter a condición DANUDC de categoría III aquelas persoas que, sen reunir os requisitos das categorías I ou II, acrediten resultados deportivos de especial relevancia en competicións oficiais de ámbito autonómico, estatal ou internacional, na edición correspondente ao curso académico inmediatamente anterior ao da solicitude.

Para estes efectos, a Comisión de Valoración DANUDC emitirá un informe motivado no que terá en conta, entre outros criterios, a traxectoria deportiva da persoa solicitante, o nivel da competición, os resultados obtidos, as clasificacións oficiais e a representación da UDC en competicións oficiais.

Artigo 5. Eficacia

A condición DANUDC terá eficacia durante un curso académico e poderá renovarse sempre que se manteñan os requisitos establecidos nesta normativa.

TÍTULO III. Procedemento para o recoñecemento da condición DANUDC

Artigo 6. Convocatoria

1. O recoñecemento da condición DANUDC realizarase mediante unha convocatoria aprobada pola vicerreitoría con competencias en materia de deporte.
2. A convocatoria establecerá o prazo para presentar as solicitudes, a documentación requirida, a composición da comisión de valoración e o procedemento de tramitación.

Artigo 7. Solicitudes

1. As solicitudes presentaranse no prazo e na forma establecidos na correspondente convocatoria.
2. Coa solicitude deberá achegarse a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta normativa.
3. A presentación da solicitude implicará a aceptación das condicións e dos deberes asociados á condición DANUDC.

Artigo 8. Comisión de Valoración DANUDC

1. A valoración das solicitudes para o recoñecemento da condición DANUDC corresponderalle á Comisión de Valoración DANUDC, designada pola vicerreitoría con competencias en materia de deporte.
2. A composición da comisión publicarase na correspondente convocatoria.
3. A Comisión de Valoración DANUDC exercerá as seguintes funcións:
 - a) Avaliar as solicitudes presentadas.
 - b) Emitir unha proposta motivada sobre o recoñecemento, a renovación, a modificación da categoría.
4. Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, a Comisión DANUDC prestará asesoramento á vicerreitoría con competencias en materia de deporte sobre as cuestións que esta lle formule.

Artigo 9. Resolución

A resolución corresponderalle á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de deporte.

CAPÍTULO IV. Dereitos e medidas de apoio

Artigo 10. Dereitos

As persoas que teñan recoñecida a condición DANUDC terán os seguintes dereitos:

- a) Recibir titorización académica para facilitar a conciliación da actividade académica e deportiva. O persoal titor asesorará á persoa deportista de alto nivel da UDC, realizará o seu seguimento académico e facilitará a relación co profesorado cando sexa necesario.

- b) Obter o recoñecemento de créditos nos estudos de grao pola participación en actividades deportivas, de acordo coa normativa da UDC.
- c) Acceder gratuitamente ás instalacións deportivas da UDC nas mesmas condicións que as persoas abonadas á Área de Deportes.
- d) Recibir asesoramento e acceder aos servizos de apoio ao alto rendemento deportivo que ofrece a UDC.

Artigo 11. Medidas de apoio

As persoas que teñan recoñecida a condición DANUDC poderán beneficiarse das seguintes medidas de apoio:

- a) Dispoñer do Abono Deporte durante o curso académico en que teñan recoñecida a condición DANUDC.
- b) Solicitar as bolsas e axudas específicas que convoque a Universidade para as persoas deportistas de alto nivel da UDC.
- c) Solicitar as bolsas de exención de taxas de matrícula convocadas pola Universidade.
- d) Beneficiarse da reserva, como mínimo, dun 3 % das prazas nas residencias universitarias.
- e) Beneficiarse da reserva, como mínimo, dun 2 % das axudas propias da UDC para transporte e comedor.
- f) Beneficiarse da reserva dun 3 % das prazas nos estudos oficiais de mestrado da UDC.

As bolsas e axudas previstas neste artigo serán incompatibles cando teñan a mesma finalidade.

CAPÍTULO V. Deberes e perda da condición DANUDC

Artigo 12. Deberes

As persoas que teñan recoñecida a condición DANUDC deberán:

- a) Participar nas sesións de titorización que estableza o centro e manter contacto coa persoa titora asignada para o seguimento da súa actividade académica e deportiva.
- b) Comunicar á persoa titora o calendario de adestramentos, competicións e convocatorias, así como as posibles incompatibilidades coa actividade académica. Se non dispón do calendario definitivo, poderá presentar un calendario provisional. Neste caso, deberá actualizalo tan pronto como dispoña da información definitiva. En todo caso, a información deberá presentarse cunha antelación mínima dun mes antes das probas de avaliación ou das prácticas obrigatorias.
- c) Xustificar as ausencias ás actividades académicas motivadas pola participación en adestramentos, convocatorias ou competicións mediante unha certificación expedida polo club ou pola federación deportiva correspondente.

- d) Colaborar coa UDC na promoción do deporte universitario e dos hábitos de vida saudables.
- e) Respetar o Código ético deportivo, a normativa da Área de Deportes e as normas das competicións e entidades organizadoras nas que participe en representación da UDC.
- f) Participar nas competicións universitarias para as que sexan convocadas en representación da UDC.
- g) Comunicar á Área de Deportes os resultados obtidos nas competicións oficiais durante o período de eficacia da condición DANUDC.
- h) Garantir a veracidade da información e da documentación achegadas sobre resultados deportivos, marcas e convocatorias.

Artigo 13. Perda da condición DANUDC

1. A condición DANUDC perderase pola perda do vínculo académico ou profesional coa UDC.
2. Tamén se poderá perder a condición DANUDC polo incumprimento dos deberes establecidos nesta normativa. Neste caso, será necesario tramitar o correspondente procedemento, no que se garantirá a audiencia da persoa interesada.

A resolución corresponderalle á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de deporte, logo da proposta motivada da Comisión de Valoración DANUDC.

Disposición transitoria. Réxime aplicable ás persoas xa recoñecidas coa condición DANUDC

As persoas que teñan recoñecida a condición DANUDC na data de entrada en vigor desta normativa manterana ata a finalización do período para o que foi concedida.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Queda derogada a Normativa para deportistas de alto nivel da UDC (DANUDC), que aprobou o Consello de Goberno o 29 de xuño de 2022, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opuxeren ao disposto neste acordo.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de deporte para desenvolver esta normativa, resolver as dúbidas que suscite a súa aplicación e ditar as instrucións necesarias para a súa execución. As instrucións de alcance xeral publicaranse no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad